

Dende hoxe, 20 de xaneiro, ata o 7 de febreiro a Casa do Escudo de Verín acollerá a mostra 'Óleos e debuxos' da artista verinense Manuela Sánchez. Manuela Sánchez, alumna en estudio do pintor Leonardo Vidal, formouse en cursos de debuxo artístico, modelado e olería na Escola de Artes e Oficios de Verín. Expuxo individualmente nunha docena de ocasións e participou en 19 exposicións colectivas. Santiago de Compostela, Badalona, Vila Real, Ourense ou Lugo foron algunhas das cidades que acolleron a obra desta autora que posúe dende o ano 2000 a Carta de Artesano.

A exposición poderase visitar de luns a sábado, das 10 ás 14 horas e das 16.30 ás 20.30 horas.